

Pescan un exemplar de can e din que chegou por mor do cambio climático

O caso do peixe asasino e tropical que resultou ser manso e autóctono

H. VIXANDE
O pasado tres de xuño un pescador afeccionado atrapou un exemplar de pomatomus saltatrix (ou saltador), unha especie peláxica que non se explota comercialmente en Galiza e que de contado foi considerado como un depredador tropical moi agresivo que chegou ás nosas augas por mor do cambio climático. Mais o peixe, coñecido no noso país como can, é máis ben manso e por tempadas, habitual das nosas costas.

“Un pez tropical moi agresivo e voraz”, “un asasino en serie nas costas galegas”, “capaz de acabar con bancos enteiros de sardiña e xurelo”. Estes foron algúns dos méritos atribuídos polos medios de comunicación á cría de pomatomus saltador que atrapou o pescador afeccionado Paulo Oliver o pasado tres de xuño en Portosin.

O exemplar pescado pesaba catro quilos e media setenta e cinco centímetros, cando na súa idade adulta pode alcanzar os catorce quilos de peso e o metro e vinte centímetros de lonxitude. Para Paulo Oliver tratábase dun achado e en consecuencia foi poñelo en coñecemento das autoridades e dos círculos científicos. O resultado foi que chegou aos medios de comunicación, que remataron por darlle gran relevancia a un feito que pouco tiña que ver cunha noticia.

O Faro de Vigo chegou a botar man dun científico do Instituto de Investigacións Mariñas para relacionar co cambio climático a presenza desta especie en Galiza. Outros medios, como A Voz de Galicia, nin sequera empregaron avais científicos ou técnicos para ir a fa-

vor da corrente e tamén atribuír ao cambio climático á presenza deste peixe nas nosas augas.

Postos en contacto co Instituto de Investigacións Mariñas e en concreto co científico co que falou o Faro de Vigo, chamado Ánxel González, este desmentiu a existencia dunha relación constatada entre a presenza deste peixe e o cambio climático. “Cumpriría un estudo moito máis amplo e que ocupase varias disciplinas para poder afirmar algo así, aínda que é certo que nos últimos tempos estamos a detectar a presenza de especies mariñas cuxo hábitat son augas máis cálidas porque si constatamos un aumento da temperatura da auga”, matizou este investigador.

É certo que a presenza de bancos de pomatomus saltador nas augas galegas xa se detectara no pasado. Entre 1969 e 1996 foron habituais en toda a costa do sur das Rías Baixas e eran coñecidos como can. O uso dun nome concreto e autóctono para denominalos podería indicar que no pasado foron frecuentes nas nosas augas ou que as visitaron con

El calentamiento del agua del mar trae a Galicia un pez tropical muy agresivo y voraz

Se pescan en Portosin una anjova, especie que se mueve en grupos y a la que llaman "lobo de mar"



Pablo Oliver muestra la anjova de cuatro kilos y 75 centímetros.

A prensa reflicti a noticia relacionando o peixe e o cambio climático.

certo grao de asiduidade. Pouco se sabe do pasado porque o can non é unha peixe apta para a súa explotación comercial debido a que a súa carne ‘derrámase con relativa rapidez. Tampouco había no pasado un sistema de investigación mariño que permitise detectar até que punto as visitas do can á Galiza eran regulares.

O can é unha especie peláxica que se despraza en grandes bancos e que habita nas proximidades da costa en todos os océanos agás no Pacífico Oriental. No Atlántico Oriental, esténdese desde Portu-

gal até Suráfrica, incluído o Mediterráneo, polo que non é tan estranho que suba até Galiza nalgúns momentos e que mesmo aníe nas nosas augas durante varias temporadas. “A migración de especies exóticas non só pode deberse ao cambio climático, hai outras explicacións, como o baleirado de tanques de lastre, por exemplo”, dixo Ánxel González.

Nin tan voraz nin tan feroz

A ferocidade do pomatomus saltatrix, o can, tampouco é unha

atribución na que acertasen os medios de comunicación. Resulta unha especie relativamente voraz pero non perigosa. É un depredador doutras especies e nalgún caso pode terse rexistrado algún tipo de incidente no que estivesen implicados humanos, pero en xeral non resulta máis agresivo coas persoas que outras especies do seu tamaño.

Tampouco é certo que se trate dun depredador que poda rematar cun banco de sardiñas, aínda que se alimenta, entre outros, de peixe azul e de cefalópodos. ♦

A asociación reintegracionista celebrou a súa asemblea o 16 de xuño en Santiago


AGAL renova a dirección e axudará a impedir o retroceso do galego

H. VIXANDE
O sociólogo Alexandre Banhos substituirá a Bernardo Penabade na dirección da Asociación Galega da Lingua (AGAL). Trátase dunha renovación no marco dos estatutos da entidade, mais o novo presidente sinalou que o obxectivo actual é contribuir a frear o retroceso da lingua, deixando de lado a discusión sobre a normativa.

Non é que AGAL renuncie ás súas posicións respecto a norma ortográfica do idioma, mais, en palabras de Alexandre Banhos, detecta “unha situación da lingua bastante difícil porque hai unha fractura na súa transmisión xeracional”. Estamos, pois, diante dunha urxencia que leva a AGAL a deixar de lado as diferenzas respecto á norma para centrarse no aspecto social xunto co resto das tendencias lingüísticas. “Pedimos que se acepte que a nosa postura respecto á lingua é honrada e nós aceptaremos a honradez das outras posturas, prescindíndonos da discusión da normativa e abordemos a cuestión da socialización do galego e outras nas que teñamos acordo”, propón Banhos.

O novo presidente de AGAL considera que “cando o galego entrou en crise, pasou a ser a lingua do modo de vida tradicional e agora atopámonos diante dunha nova crise porque desaparece a vida tradicional e non estamos a ser capaces de establecer un modelo urbano da mesma”. Eis un reto, para Alexandre Banhos, que sinala a necesidade de “crear un modelo de lingua culto e urbano no que se sintan cómodas as clases dominantes, que en definitiva son as que transmiten os modelos sociais dominantes; temos que crear elites para o galego, non tomechos, que aínda que sirvan para rir e pasalo ben, non transmiten unha lingua coa que a xente pódase sentirse identificada”.

Para camiñar nesa dirección, AGAL considera a necesidade de crear plataformas nas que corriñan os defensores da lingua. “En Catalunya teñen un Consello Social da Lingua, nós precisamos algo semellante porque o Consello da Cultura de feito non ten esas atribucións”, indica Banhos, que tamén reclama que nese Consello da lingua ten que “recoñecerse a lexitimidade de todos”. Un ob-



Alexandre Banhos, novo presidente de AGAL.

xeectivo sería abordar cuestións relacionadas cos dereitos lingüísticos e “que funcione retroalimentando as institucións para que o vexan como elemento de apoio as políticas favorecedoras do idioma e como método de análise de cada un dos problemas aos que nos enfrontamos”.

Mais por que este cambio de linguaxe nestes momentos? Non haberá detrás unha situación de illamento de AGAL tras o acordo que levou á aprobación da normativa de consenso entre o galego isolacionista e o de mínimos? “Non”, responde Alexandre Banhos, que engade:

“AGAL suma esforzos a prol do galego desde hai dez anos: antes, nos oitenta e nos noventa deica o 98, houbo unha agresividade brutal contra o reintegracionismo. Sobrevivimos a ese intento de ocultación no que mesmo se produciron despedimentos de persoas pola súa opción reintegracionista; aínda que sexa un paradoxo, o noso impacto é maior que nunca e a situación do idioma a peor”.

A Asociación Galega da Lingua non renuncia, con todo, a defender a súa postura respecto a norma. Para o seu novo presidente, “o acordo de consenso non significou unha aceptación de norma de mínimos de 1980. foi unha capitulación do nacionalismo dominante, que agora permite que en materia de lingua teñan toda a palabra as autoridades “rexionais”, esas para as que calquera palabra castelá é galega con tal de que non sexa portugués”. Cal sería a alternativa?, preguntámoslle: “Recoñecer o galego internacional que é o portugués; na lingua a opción non é neutra e o isolacionismo é un modelo de substitución”.

Nova dirección

Xunto a Alexandre Banhos, a nova dirección de AGAL está integrada por outros dez membros. A persoa que concibiu AGAL, o lingüista Isaac Alonso Estravies, é o vicepresidente, un antigo integrante de varios consellos como José Manuel Outeiro e o secretario e a asesora fiscal Ana María Cabanas e a tesoureira. Os vogais son José Paz Rodrigues, María Manuela Ribeira, Iolanda Pares do Campo, Heitor Canto, José Manuel Barbosa, Jesus Miguel Conde e Margarida Martins.

AGAL é unha asociación integrada por 474 persoas, dos que, lembra Alexandre Banhos, “cento nove son profesores universitarios”. “Temos un ar de elite –admitted–, a nosa revista *Agalia* ten a clasificación científica de máximo nivel e temos elaborado documentos e dicionarios indispensábeis; non abandonamos o traballo divulgador e pedagóxico e contamos co Portal Galego da Lingua, que está no posto 24 en asistencias na internet entre todas as páxinas da Galiza e conta con 6.000 visitas diarias”. ♦